

Dereitos e liberdades na Galiza

RESUMO DE NOTÍCIAS

2º trimestre 2015

CONTRA PERSOAS QUE BUSCAN COMIDA NO LIXO

Queixa de EsCULcA ao valedor sobre actuacións da P.L. da Coruña



01/04/2015

No pasado 30 de marzo, EsCULcA entregou no rexistro do Valedor do Pobo queixa sobre a actuación da P.L. da Coruña contra as persoas que recollen comida e outros obxectos nos colectores do lixo e ás que se abre expediente sancionador ao abrigo da Ordenanza Municipal de Residuos e Limpeza Viaria (art. 112.3 c). Entende EsCULcA que se trata dunha medida criminalizadora da pobreza.

<http://esculca.gal/web/node/4766#.VaY3ovndWnM>

AS NOVAS SANCIONS PODEN CHEGAR AOS 600.000 €

Que actos de protesto terían sido punidos pola nova "lei mordaza"?



04/04/2015

O texto recolle as actuacións que as forzas policiais poderán desenvolver para o mantemento e restabelecemento da seguranza cidadá e establece un réxime sancionador para punir (económica e xudicialmente) actos como, por exemplo, frear un despexo, ocupar unha oficina bancaria, despregar unha faixa nunha infraestrutura pública ou gravar actuacións policiais sen autorización.

<http://esculca.gal/web/node/4772#.VaY3gPndWnM>

82 ANOS E UN ANDADOR PARA SE MOVER

Preferentista sancionada por supostamente saltar un cordón policial



07/04/2015

O 7 de abril foron a xuízo en Pontevedra cinco preferentistas do Baixo Miño (D.V., A.B.A., A.A. e E.D.) por participaren supostamente en desordes graves nos concellos do Rosal e Tui. Unha delas, D.V., ten 82 anos e está acusada de saltar en dúas ocasións un cordón policial a pesar de andar con dificultades. Unha concentración diante do propio Xulgado deulles apoio.

<http://esculca.gal/web/node/4774#.VaY3YvndWnM>

POR SE EXPRESAR EN GALEGO

Axente da Policía Nacional négase a atender a denuncia dun cidadán



16/04/2015

"Si quieres algo te vienes por la comisaría y se lo intentas contar a alguien que te entienda", respondeu un funcionario da Policía Nacional de Ferrol a un cidadán que pretendía presentar unha denuncia por teléfono. Despois, segundo denuncia Mesa pola Normalización Lingüística, denuncia que califica o feito de discriminación lingüística, o funcionario cortou a comunicación.

<http://esculca.gal/web/node/4792#.VaY3RPndWnM>

130 EN FOLGA DE FAME NA LAMA

"Cárceles na Galiza: espazos de impunidade e vulneración de dereitos"



22/04/2015

Nas cadeas ubicadas en Galiza, hai malos tratos, torturas e outras vulneracións de dereitos humanos. Esta é a denuncia que Xustiza e Sociedade, o Observatorí del Sistema penal i el Drets Humans, Avogados Novos e EsCULcA realizaron en Vigo nunha comparecencia para dar a coñecer a situación de J.G.C., preso na cadea da Lama que leva máis de 130 días en greve de fame.

<http://esculca.gal/web/node/4798#.VaY3FfndWnM>

5.700 EUROS DE MULTA EN TOTAL

Máis 9 preferentistas a xuízo por participaren en actos pacíficos



22/04/2015

A Plataforma de persoas afectadas polas preferentes do Baixo Miño comunicam que no próximo día 23 de abril, quinta-feira, terá lugar unha concentración solidaria diante do Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra coincidindo co xuízo a 9 preferentistas que o goberno pretende multar cun total de 5.700€ por participaren en actos pacíficos de protesta.

<http://esculca.gal/web/node/4799#.VaY29vndWnM>

GREVE DE ENSINO DE 2012

Condenados a penas de prisión tres estudantes de Ourense



25/04/2015

Tres dos sete estudantes xulgados en febreiro deste ano pola greve do ensino do 2012 en Ourense foron condenados a penas de prisión. O Xulgado do Penal ourensá ditou unha sentenza pola que condena a 2 anos de cárcere dous estudantes (A.G e J.S) e a 1 ano de prisión un terceiro por "atentado á autoridade". Tamén lles impón un mes de multa, a razón de seis euros diarios.

<http://esculca.gal/web/node/4805#.VaY20PndWnM>

EN MEDIO AO SILENCIO DAS INSTITUCIÓNS

Preso da Lama suspende folga de fame por grave estado de saúde



25/04/2015

J.G.C. interno no cárcere da Lama, abandonou onte (24 de abril), a longa folga de fame que mantivo nos últimos meses en protesta polo tratamento discriminatorio de que é obxecto neste centro penitenciario sen ter conseguido que institucións penitenciarias, a dirección do centro e o xulgado de vixilancia penitenciaria accedesen ás súas reivindicacións.

http://esculca.gal/web/node/4808#.VaY2s_ndWnM

AUTORIZADAS POLA SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO

A CIG denuncia que o Concello de Lugo lle retirou 10 faixas do 1º de maio



30/04/2015

As faixas retiradas estaban localizadas en diversos puntos da cidade amurallada, a Ronda, Sagrado Corazón, Paradai e a Avenida Infanta Elena, espazos en que a CIG leva pendurando as tradicionais faixas do 1º de maio desde 2009, explican nun comunicado de prensa desde a central sindical nacionalista. Porén, esta cuarta feira foran retiradas para a súa sorpresa.

<http://esculca.gal/web/node/4813#.VaY2jfndWnM>

SINDICALISTAS PRESENTAN QUEIXA

Abusos policiais en protesta laboral contra Aspanas Termal



05/05/2015

E.B.R. e A.P.C., en representación da CIG formularon queixa o pasado 24 de abril xunto da Subdelegación do Goberno en Ourense pola actuación do axente do Corpo Nacional de Policía identificado co número de placa 83488 ao remate da concentración de traballadores de Aspanas Termal na cuarta-feira anterior, día 22/04, nas instalacións das Termas de Outariz.

<http://esculca.gal/web/node/4819#.VaY2afndWnM>

TODOS OS GRUPOS DO PARLAMENTO

Instan a Xunta a reclamar transferencia sanidade penitenciaria ao Sergas



06/05/2015

A Cámara galega aprobou por unanimidade esta cuarta feira (06/05) unha proposición non de lei pola que se insta a Xunta a solicitar a transferencia das competencias en materia de saúde penitenciaria ao Sergas. A medida apóiase no establecido na disposición sexta da Lei 16/2003 (Cohesión e Calidade do Sistema Nacional de Saúde) que obriga a transferir o servizo ao sistema xeral.

<http://esculca.gal/web/node/4823#.VaY2OfndWnM>

UN DEREITO RESERVADO A MEMBROS DAS CORTES XERAIS

Interior prohibe deputadas do Parlamento Galego visitaren os cárceres



30/04/2015

O pasado 13/04 as deputadas C. Acuña, C. Gallego e M. Quintas (PSdG) solicitaban ante as comisións institucional e de Sanidade do Parlamento de Galiza que unha delegación destes órganos visitase "cada un dos centros penitenciarios" do país para coñeceren e "dar resposta a diversas preocupacións recibidas" sobre o seu estado e o tratamento da poboación reclusa.

http://esculca.gal/web/node/4814#.VaY2I_ndWnM

EN DEFENSA DOS DEREITOS DAS PERSOAS PRESAS

Convocan marcha ao Centro Penitenciario da Lama



05/05/2015

A plataforma Asamblea para a Marcha ao C.P. de A Lama convoca para sábado día 16 de maio unha marcha ao Centro Penitenciario da Lama en solidariedade coas persoas presas e contra os malos tratos e as torturas. Responsabilizan a situación que se vive no penal da morte (por suicidio ou outras causas), as autolesións e os danos irreparábeis de que son vítima persoas presas.

http://esculca.gal/web/node/4820#.VaY1_ndWnM

PALESTRA DE FERNANDO BLANCO ARCE EM FERROL

Como nos afetam a Lei Mordaça e a reforma do Código Penal



07/05/2015

A palestra é organizada pola Corrente Sindical Anticapitalista (CIG) e o advogado e presidente de EsCULcA Fernando Blanco Arce será o encargado de expor o significado e dimensom das medidas previstas da chamada Lei Mordaça, assim como pola reforma do Código Penal. a próxima sexta-feira na Fundación Artábria (travessa de Batalhons, Ferrol), a partir das 20 horas.

<http://esculca.gal/web/node/4824#.VaY11PndWnM>

POR TENTAR RETIRAR PLACA FRANQUISTA

Candidato á alcaldía identificado por axentes da Policía Local da Coruña



11/05/2015

X.M.C., candidato á alcaldía por BNG-AA foi identificado o 10/05/2015 por axentes do CNP e a Policía Local cando tentaba colocar unha folla co texto "Fonte de Santo André" no lugar da placa actual na rúa chamada General Mola en homenaxe ao militar franquista. Os axentes interromperon o acto que tiña por obxecto reivindicar a implementación da Lei de Memoria Histórica.

http://esculca.gal/web/node/4826#.VaY1s_ndWnM

DEBATES, MARCHA E XANTAR COLECTIVO

Xornadas anticarcerarias da Asemblea para a Marcha ao C.P. da Lama



15/05/2015

Hoxe comezan en Pontevedra as Xornadas Anticarcerarias que organiza a Asemblea para a Marcha ao C.P. da Lama. Os debates xirarán en torno as condicións laborais en prisión, a situación das mulleres presas e as experiencias de resistencia no interior das cadeas. Mañá ao mediodía, a partir das 11:00, está prevista unha marcha ao penal e un xantar colectivo na alameda da vila.

<http://esculca.gal/web/node/4827#.VaY1lfndWnM>

AS PLATAFORMAS CONVOCAN CONCENTRACIÓN

Xuízo a preferentistas por participaren en actos de protesta pacíficos



19/05/2015

As Plataformas de afectados por preferentes e subordinadas de Galiza participarán na concentración que se celebrará este mércores diante do Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, coincidindo co xuízo a nove preferentistas do Baixo Miño a quen diferentes administracións abriron expedientes sancionadores por participaren en actos pacíficos de protesta.

http://esculca.gal/web/node/4829#.VaY1e_ndWnM

AS PLATAFORMAS CONVOCAN CONCENTRACIÓN

Novo xuízo a persoas afectadas pola estafa das preferentes



26/05/2015

Membros de Plataformas de persoas afectadas por preferentes e subordinadas de Galiza participarán na concentración que se celebrará esta cuarta-feira, día 27, ás 09:30, diante do Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, coincidindo co xuízo de nove preferentistas do Baixo Miño sancionad@s inxustamente por participaren en actos pacíficos de protesta.

http://esculca.gal/web/node/4837#.VaY1X_ndWnM

DENUNCIA COLECTIVO DE APOIO A PERSOAS PRESAS

Preso galego en Dueñas sofre maltrato de funcionarios



29/05/2015

O pasado 26 de Maio, três funcionarios do penal de Dueñas pretenderon submeter o preso galego A.S., após um vis-à-vis familiar, a umha revisom integral sem lhe proporcionarem a bata regulamentar. A.S. negou-se a ser inspeccionado nessas condições e dous dos funcionarios começárom a forcejar com ele enquanto o terceiro limitava-se a olhar a incidente.

<http://esculca.gal/web/node/4838#.VaY1PfdWnM>

ACTOS DE RECIBIMIENTO AO MARIANNE DE GOTHENBURG

Un barco da III Flotilla da Liberdade chega a Bueu



29/05/2015

O Marianne, un dos barcos da III Flotilla da Liberdade que se dirixe a Gaza para tentar romper o infame bloqueio con que Israel pretende render a poboación de Gaza, arribará ao porto de Bueu sábado, 31 de maio, às 12:00. Ali embarcarán Ana Miranda (representante do BNG no Parlamento Europeo), Ana da Palma (activista do GAP do Porto) e Edu Muriel (xornalista de La Marea).

<http://esculca.gal/web/node/4839#.VaY1IvndWnM>

ORGANIZAN DIFERENTES COLECTIVOS E MOVEMENTOS

Xornadas antirepresivas en Ourense durante o mes de xuño



02/06/2015

Durante o mes de xuño terán lugar en Ourense as Xornadas Anti-Represivas, un proxecto desenvolvido por xente de diferentes colectivos e movementos que pretende dar resposta ás formas vellas e novas de represión que ameazan dereitos e liberdades. Segundo os colectivos organizadores, trátase de tecer redes de apoio e construír ferramentas para combater esta situación.

<http://esculca.gal/web/node/4840#.VaY1BfndWnM>

UNHA INICIATIVA DE CÁRITAS E O COLEXIO DE AVOGADOS

Orientación xurídica penal no cárcere de Teixeiro



02/06/2015

O Colexio de Avogados de Compostela puxo en marcha o pasado 23 de maio o seu servizo de Orientación Xurídica Penal, un turno voluntario organizado pola institución colexial a través dun convenio coa entidade social Cáritas e ten como obxectivo a asistencia a internos para determinados asuntos que non entren nno turno de oficio ordinario do colexio.

<http://esculca.gal/web/node/4843#.VaY06fndWnM>

POSIBEIS MALOS TRATOS A PRESO GALEGO EN DUEÑAS

EsCULcA presenta escrito ao Mecanismo de Prevención da Tortura



02/06/2015

Fernando Blanco Arce, na súa condición de Presidente da Xunta Directiva de EsCULcA, dirixiu escrito o 2 de xuño ao Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura (MNPT) en que reclama unha actuación inmediata en relación á noticia aparecida en diferentes medios de comunicación sobre posíbeis malos tratos ao preso galego A.S., interno no cárcere de Dueñas (Palencia).

<http://esculca.gal/web/node/4844#.VaY0zPndWnM>

NOVO XUÍZO NOS XULGADOS DE PONTEVEDRA

Preferentistas peden que se investigue represión económica



03/06/2015

Persoas afectadas pola estafa das participacións preferentes e subordinadas da plataforma do do Baixo Miño concentráronse esta cuarta feira (3 de xuño) perante os xulgados de Pontevedra en solidariedade con A.G., sancionado durante unha protesta acontecida o 30 de setembro de 2013, durante un Pleno do Concello do Porriño, segundo informa PontevedraViva.

<http://esculca.gal/web/node/4848#.VaY0pvndWnM>

SERÁN XULGADAS OUTRAS 4 PERSOAS

Nova concentración de preferentistas nos xulgados de Pontevedra



08/06/2015

As Plataformas de persoas afectadas por preferentes e subordinadas de Galiza convocan unha concentración para o día 10/06 diante do Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, coincidindo cos xuízos a catro preferentistas a quen se acusa de causar desordes, desobedecer ordes de axentes policiais, alterar a seguranza colectiva e portar obxectos contundentes.

<http://esculca.gal/web/node/4853#.VaY0cfndWnM>

INTERNO NO CÁRCERE DE DUEÑAS

Pregunta no Parlamento Europeo sobre maus tratos a preso galego



10/06/2015

Lidia Senra, deputada no Parlamento Europeo polo grupo GUE/NGL, apresentou o 10/06 una pregunta à Comissão sobre a denuncia por possíveis maus tratos ao preso galego A.S.. A deputada pregunta à Comissão se considera esta acción vulneradora de direitos e dos principios para a protección de todas as persoas sujeitas a qualquer forma de detenção ou prisión.

<http://esculca.gal/web/node/4860#.VaY0UvndWnM>

TAMÉN MALOS TRATOS E TRATOS DE FAVOR A PRESOS VIP

Xuiza investiga desatencións sanitarias con resultado de morte en Bonxe



11/06/2015

No xulgado núm. 1 de instrucción de Lugo, xuíz Pilar de Lara, cumúlanse xa mais dunha ducia de casos que afectan funcionarios, médicos e mesmo o director do cárcere de Bonxe. Algúns referidos a alegadas desatencións sanitarias que derivaron na morte de reclusos; outros, a supostos favores ilícitos para presos VIP; algún máis, a posíbeis malos tratos entre reixas.

<http://esculca.gal/web/node/4862#.VaY0MvndWnM>

MEMBROS DE ESCULCA DESDE A SÚA FUNDACIÓN

Homenaxe a Elvira Landín e Fernando Martínez Randulfe



11/06/2015

CCOO e a Fundación 10 de marzo renderon o día 10 de xuño unha homenaxe a Fernando Randulfe e Elvira Landín avogado e avogada laboralistas, nun acto ao que asistiron, entre outras persoas, o secretario xeral de CCOO en Galiza, Xosé Manuel Sánchez Aguión, o exfiscal superior de Galiza Carlos Varela, ou o presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero.

<http://esculca.gal/web/node/4863#.VaY0FPndWnM>

20 DE XUÑO NO PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA

Xornada de reflexión da Iniciativa Galega pola Memoria



14/06/2015

O próximo 20 de xuño, a *Iniciativa Galega pola Memoria* (IGM) celebrará unha Xornada de Reflexión, no Pazo da Cultura de Pontevedra, en sesións de mañá e de tarde. Poderán inscribirse representantes de organizacións memorialistas galegas que forman parte da IGM até un máximo de 40 persoas (aforo da sala). As inscricións serán confirmadas por estrita orde cronolóxica.

<http://esculca.gal/web/node/4868#.VaYzwwndWnM>

CONSECUENCIA DA REFORMA DA LEI DE XURISDICIÓN UNIVERSAL

Arquivan o caso Couso en aplicación xurisprudencia establecida polo T.S.



14/06/2015

O xuíz Pedraz arquivou o caso Couso. Faino aplicando a xurisprudencia establecida polo Tribunal Supremo ao ordenarlle á Audiencia nacional pechar o caso Tíbet, ao constatar a falta de competencia dos tribunais españois tras a reforma da xustiza universal aprobada polo goberno de Mariano Rajoy.

<http://esculca.gal/web/node/4870>

DERRUBANDO FRONTEIRAS. CAMPAÑA CONTRA OS CIES

Foro Galego da Inmigración convoca conferencia de prensa



13/06/2015

O Foro Galego da Inmigración convoca unha Rolda de Prensa o Luns día 15 de Xuño ás 11:30 h diante da Comisaria da Policía Nacional (Praza Rodrigo de Padrón) de Santiago de Compostela para presentar o Manifesto *Derrubando Fronteiras*, encadrado na Celebración Estatal do Día contra os CIES, que tamén celebrará actos noutras cidades de Galiza ao longo desta semana.

<http://esculca.gal/web/node/4866#.VaYzaPndWnM>

OFRENDA DO ANTIGO REINO DE GALIZA

Bispos unidos para criticar a ausencia de alcaldes en acto católico



14/06/2015

O arcebispo de Compostela e os bispos de Lugo, Tui-Vigo, Ourense, auxiliar de Compostela e emérito de Tui Vigo, asinan un curioso escrito en que critican os alcaldes (da Coruña e Compostela) que se negaron a participar na Ofrenda do Antigo Reino da Galiza alegando que o carácter aconfesional do Estado lles veta participar, como representantes públicos, en actos relixiosos.

<http://esculca.gal/web/node/4871#.VaYzTPndWnM>

EN SÓ 4 MESES, A AXENCIA DE TURISMO GASTA 2 MILLÓNS

Capelas, edificios, procesións e festas relixiosas a conta do erario



16/06/2015

A Axencia de Turismo de Galicia destinou 1.990.000 euros a sufragar distintos actos e festas relixiosas, así coma a restauración de edificios ou contornas relixiosas entre xaneiro e abril de 2015. A xunta sufragará o custo do novo Centro de Peregrinos en Compostela e destinará 120.000 euros para promocionar a festa do Corpus Christi en Pontearreas e a Semana Santa de Ferrol e Viveiro.

http://esculca.gal/web/node/4874#.VaYzI_ndWnM

COORDENADORA DE CRENTES GALEGOS E GALEGAS

Aplauden que os concellos respecten principio de aconfesionalidade



22/06/2015

Xa viña acontecendo dende hai lustros en concellos como o de Pontevedra e a práctica estendeuse após o 24M. Os alcaldes das mareas chegaron aos concellos da Coruña, Ferrol e Santiago coa intención de non participaren oficialmente en actos relixiosos como a Ofrenda do Antigo Reino ou a ofrenda da Casa Real ao Apóstolo e atopáronse con duras críticas do PP e o PSOE.

<http://esculca.gal/web/node/4878#.VaYxAfndWnM>

MANDA AUDIENCIA DA CORUÑA

Abrir instrución pola denuncia de torturas a responsábel da CIG



23/06/2015

A Audiencia Provincial da Coruña emite un auto polo que, segundo o sindicato, dá á razón ao responsábel comarcal da CIG-Ferrol, X.A.L.P., e obriga o xulgado a esgotar a instrución a respecto da denuncia que presentou por tortura e malos tratos sufridos após a súa detención en 2012 nunha protesta sindical diante do local onde o PP daba inicio á campaña electoral.

<http://esculca.gal/web/node/4880#.VaYw7fndWnM>

A BORDO VIAXA ANA MIRANDA

Reclaman medidas para garantir integridade dos membros da III Flotilla



23/06/2015

BDS-Galiza dirixiuse á Presidenta do Parlamento de Galiza, Pilar Rojo, e o Presidente da Xunta, Núñez Feijóo, para solicitar que, como representantes das máis importantes institucións galegas, fagan chegar ao Ministerio de Asuntos Exteriores do Reino de España a petición de adopción das medidas que procedan para asegurar a integridade dos membros da III Flotilla da Liberdade.

http://esculca.gal/web/node/4881#.VaYwp_ndWnM

ENTRA EN VIGOR O PRÓXIMO 1 DE XULLO

Concentracións contar a Lei Mordaza en todas as comarcas do país



26/06/2015

O 1 de xullo, entra en vigor a Lei de Seguranza Cidadá. A CIG convoca concentracións en todas as comarcas en rexeitamento dunha normativa que "pretende amordazar a loita obreira e a mobilización social, convertendo os conflitos laborais en conflitos de orde pública, deseñando un novo e amplo catálogo de sancións e reducindo, pola vía administrativa, as garantías xurídicas".

http://esculca.gal/web/node/4889#.VaYwV_ndWnM

SECUESTRADA/OS POLA FORZA NAVAL ISRAELITA

Concentracións pola liberdade de activistas da III Flotilla da Liberdade



29/06/2015

Na pasada madrugada forzas da armada israelita asaltaron o Marianne, un dos barcos que forman a III Flotilla da Liberdade, cando se encontraba en augas internacionais a 100 millas de Gaza, onde pretendían chegar para furar o cruel bloqueo a que estado sionista ten sometida ilegalmente a Faixa desde hai 8 anos. O grupo de activistas foi levado ao porto militar de Ashdod.

<http://esculca.gal/web/node/4890#.VaYwgvndWnM>

Galiza, xullo 2015